

# A Xunta de Galicia e o goberno da Provincia Autónoma de Trento asinan en Italia un acordo de colaboración para a promoción do Camiño de Santiago no ámbito cultural e turístico

O conselleiro de Cultura e Turismo e o Assessore alla Cultura, Rapporti europei e Cooperazione formalizaron na localidade de Fondo o acordo a través do que se porán en valor as vías relacionadas con Santiago de Compostela, os camiños xacobeos presentes en Europa e a conmemoración da figura do Apóstolo Santiago

Fondo conta cunha estreita relación co fenómeno xacobeo. Segundo unha tradición do XV, o Apóstolo Santiago librou a sete familias da peste que asediaba Trento. En sinal de gratitude, estas familias pintaron nas súas casas uns frescos coa imaxe do Apóstolo Santiago e comezou así a tradición de peregrinar ata o sepulcro do Santo en Galicia.



• Roberto Varela durante a súa visita a Trento, onde asinou un convenio para a promoción do Camiño

Fondo-Trento (Italia), 4 de maio de 2011.- O conselleiro de Cultura e Turismo, Roberto Varela e o Assessore alla Cultura, Rapporti europei e Cooperazione da Provincia Autónoma de Trento, Franco Panizza, asinaron esta mañá no Castelo de Thun un acordo de cooperación internacional para a promoción do Camiño de Santiago no ámbito cultural e turístico. O acordo pon de relevo os intereses comúns do Goberno tridentino e da Xunta de Galicia na posta en valor das vías relacionadas con Santiago de Compostela, dos camiños xacobeos presentes en Europa e a conmemoración da figura do Apóstolo Santiago a través de colaboracións de tipo cultural, económico e turístico. No transcurso da xornada, Roberto Varela e Franco Panizza visitaron xunto a outras autoridades locais os frescos coa imaxe do Apóstolo Santiago pintados nalgunhas casas de Fondo e que amosan a transcendencia do fenómeno xacobeo en Italia.

A Consellería de Cultura e Turismo e o Goberno da Provincia Autónoma de Trento, son conscientes do papel positivo que as sinerxías operativas poden exercer na promoción do coñecemento da súa historia e no desenvolvemento de relacións rendibles dirixidas á coordinación nos sectores de común interese. Deste xeito ambas institucións traballarán conxuntamente para crear oportunidades de encontro e intercambio cultural e cooperarán

para promover o crecemento e a propagación do coñecemento dos camiños xacobeos europeos para favorecer o aumento de los fluxos turísticos nos respectivos países de orixe.

Así mesmo estableceranse rutas turísticas que inclúan os dous territorios, sensibilizárase aos operadores turísticos e os organizadores culturais dos correspondentes territorios de modo que se propoñan estratexias económicas, turísticas, paquetes e iniciativas atentas ás problemáticas da ecoloxía, ofrecerase asistencia na participación das realidades turísticas españolas e italianas durante as Feiras organizadas por ambas institucións e trazarase unha rede de estudo de posibles ofertas de inversión no ámbito turístico potenciando aquel de martiz relixiosa e relacionado co respecto polo medio ambiente. Asemade, co fin de realizar estes obxectivos, a Consellería de Cultura e Turismo e o Goberno da Provincia Autónoma de Trento concordarán un programa operativo anual que defina máis detalladamente os contidos e o desenrolo das accións comúns a emprender.

A cooperación entre a Xunta de Galicia e o Goberno tridentino remóntase ao ano 2009, cando o conselleiro de Cultura e Turismo recibiu na Praza do Obradoiro a unha delegación de peregrinos italianos da Associazione Anaune Amici del Cammino di Santiago encabezada polo Assessore alla Cultura, Rapporti europei e Cooperazione da Provincia Autónoma de Trento. Neste primeiro encontro, Roberto Varela e Franco Panizza acordaron elaborar un documento referido ao irmandamento entre Galicia e Trento e colocaron a primeira pedra para establecer colaboracións futuras entre ambas rexións. Con anterioridade, a Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago (AGACS) participou en xullo de 2006 no Congreso Internacional Tradición e Actualidade no Camiño de Santiago, celebrado na vila de Fondo, nun proxecto incluído dentro do Programa Sócrates da Unión Europea para o desenvolvemento da cultura e da ensinanza. En xullo de 2007 unha representación da vila de Fondo devolveulle a visita a AGACS en Santiago de Compostela.

Arraigada tradición xacobeá Fondo é a capital do Val di Non, unha vila que está historicamente vinculada ao Camiño de Santiago. Conta no seu haber cunha gran tradición xacobeá rexistrada en toda a súa toponimia, que garda un vínculo moi forte con Santiago e a súa historia, unha interesantísima pegada xacobeá dende o século XV.

Segundo unha tradición datada no século XV, o Apóstolo Santiago librou a sete familias da peste que asediaba Trento. En sinal de gratitude, estas familias pintaron nas súas casas uns frescos coa imaxe do Apóstolo Santiago e comezou así a tradición de peregrinar ata o sepulcro do Santo en Galicia. Os frescos aínda hoxe son visibles gracias á unha recente restauración levada a cabo nos anos 50 e 60, que serviu para revitalizar o fenómeno xacobeo en Italia. Desde entón, cada 24 de xullo celebran cunha representación simbólica desta peregrinación a súa devoción polo Apóstolo.

Na actualidade a capital de provincia de Trento é unha pequena cidade duns 115.000 habitantes, considerada como unha das vilas máis prósperas e con mellor calidade de vida de toda Italia. Unha das industrias tradicionais con maior importancia de todo o Trentino é a vinícola, especialmente do viño escumoso branco e rosado que ten á súa propia Denominación de Orixe, a Trento DOC. Existe unha ruta do viño que une os viñedos de Trento a Bolzano, de sur a norte. A explotación turística da tradición vitivinícola é tamén un punto en común entre Trentino-Alto Adigio e Galicia.